

Son César Ramos Domínguez nacín en S. Vicente da Baña hai 37 anos, na casa de Cesáreo, o meu avó, e son o segundo de tres irmáns.

Dende moi pequeno participei activamente en numerosas actividades do concello da Baña: equipo de fútbol, no que xoguei en todas as categorías inferiores e varias tempadas en categoría de modestos, grupo de teatro Berenguela e campamentos val de Barcala, entre outras.

Actualmente pertenzo ao clube de lectura “Ars Legendi” do CPI de S. Vicente (A Baña), son xogador do equipo de fútbol de veteranos da Baña e asisto a clases de gaita na escola municipal de música tradicional.

Tamén colaborei en diferentes colectivos deste noso concello: fun vocal da “Asociación Xuvenil Xuventude de S. Vicente”, secretario da “Peña Obradoirista Eskornabois da Baña” e actualmente son secretario local da “Agrupación Local de Compromiso por Galicia da Baña” e secretario da “Asociación Cultural e Deportiva ACD Lumieira”.

Ao longo da miña vida como membro activo destas asociacións colaborei na organización de diferentes actividades: maratóns de fútbol sala, concertos, carrozas de entroido, diferentes excursións culturais, torneos... e fun membro da comisión de festas de S. Vicente durante varios anos.

A nivel profesional traballei como monitor de tempo libre, quiromaxasista terapéutico-deportivo, socorrista acuático e monitor de diferentes disciplinas deportivas. Na actualidade son mestre especialista en Educación Física titulado pola Universidade da Coruña e teño destino definitivo no “Ceip Barrié de la Maza en Santa Comba” no que levo exercendo a miña profesión seis cursos académicos, e pertenzo ao equipo directivo do mesmo como secretario.

A nivel político son o secretario local da agrupación de CxG na Baña e fun o candidato á alcaldía de CxG nas pasadas eleccións municipais de 2015 nas que fomos quen de conseguir un concelleiro e, xa que logo, levo 4 anos de concelleiro da aposición. Ao longo desta lexislatura fixemos unha fiscalización continua do labor municipal e presentamos unha trintena de mocións, ademais de organizar eventos e actividades culturais de relevancia: homenaxes a persoeiros importantes do noso Concello, monólogos, rutas de tapas, presentacións de libros, charlas, etc.

Penso que o acadado no 2015 é unha boa carta de presentación pero non nos conformamos co conseguido até o de agora por iso, contando co apoio dos compañeiros, compañeiras e simpatizantes volvíñ ser proclamado candidato á alcaldía para as vindeiras eleccións de 2019.

É quizais ese apego e orgullo que sinto pola Baña, a miña terra, e as gañas de mellorar as cousas nestes tempos tan difíciles o que fai que continúe estando ao fronte deste proxecto que de seguro será o que traia o máis que necesario cambio político ao Concello da Baña.